

MENSAXE DE FIN DE ANO DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2015.-

Moi boas tardes.

Ao longo do ano, este servidor de Galicia, tivo a oportunidade de encontrarse con moitas galegas e galegos.

Aprender do seu pobo é o principal requisito de quen aspira a rexer con acerto unha comunidade.

A capacitación dun representante público sempre estará incompleta sen unha visión que lle permita captar a evolución da súa cidadanía.

A miña mensaxe de hoxe non pretende máis que condensar esas experiencias que forman parte da faciana máis ilusionante do traballo político.

Non se trata de facer un balance frío de cifras e datos, nin de importunar este tempo de Nadal con consideracións inapropiadas para o ambiente que vivimos.

A intención destas palabras é tentar ofrecer unha perspectiva que vaia máis alá do vertixinoso acontecer de todos os días.

Esa visión de conxunto obriga a expresar unha felicitación. Todos vostedes son protagonistas colectivos dunha fermosa historia, a de Galicia, na que deixamos atrás traumas do pasado para convertermos nunha sociedade libre, moderna e solidaria. Tamén agora protagonistas dos capítulos de superación vividos estes anos.

Non importa a súa profesión, idade ou pensamento, se proceden do medio rural ou do urbano, se están en activo ou xubilados, ou aínda non teñen traballo. O máis salientable desa xesta que está escribindo a sociedade galega, que están escribindo vostedes, é que a pluralidade que existe nela pode enriquecer a súa unión. Non somos un pobo porque simplemente compartamos un mesmo espazo, senón porque facemos cousas xuntos. E facémolas ben.

Galicia é un bo lugar para convivir. Non é casual que o noso himno fale de **fogar**. A Galicia de hoxe é un *fogar* que acondicionamos entre todos para que fose acolledor, e impulsase os proxectos vitais que cada galego ten.

Afirmar isto non supón ignorar aqueles de vostedes que sofren

dificultades, os que están en maior risco de exclusión, ou os que se ven na obriga de estar fóra da nosa terra. Sería pouco responsable suxerir que existen fórmulas máxicas para disipar de forma instantánea todos os problemas. Nada máis reprochable que xogar coas esperanzas da xente, ofrecendo paraísos ilusorios que deseguido se transforman en frustración.

No mundo real non hai paraísos, pero sí marcos de convivencia que permiten solucionar ou paliar esas situacións. Ese *fogar* pode necesitar arranxos e reformas, pode non ser perfecto, pode ser mellorable, pero é un *fogar* que cómpre coidar entre todos.

Como en todas as casas, o fundamental é a estabilidade. A estabilidade dun país dálle seguridade aos que viven nel, e inspira seguridade aos que ven nel unha oportunidade para investir ou emprender.

Con esa estabilidade fixemos fronte as turbulencias destes anos. Resolvemos os problemas de déficit que arrastrabamos; mantivemos os servizos públicos para hoxe poder falar de cómo incrementalos; tratamos de atender a quen máis o precisa, Galicia volve crecer e creamos emprego cada día.

Con esa estabilidade é posible que neste 2016, como cada ano en Galicia durante esta crise, entre en vigor un novo orzamento autonómico, a diferenza doutras Comunidades, menos estables, que aínda non foron quen de aprobalos.

Estes son para Galicia os primeiros que despois de varios anos aumenta e, con el, a posibilidade de apoiar máis ás familias e avanzar cara unha recuperación que chegue a todos. Por poñer exemplos inmediatos, mañá mesmo, 1 de xaneiro, entra en vigor a supresión do imposto de sucesións e doazóns para o 99% das familias galegas ou, tamén, a tarxeta benvida coa que recibimos aos rapaces que nazen en Galicia cun apoio ás nais e pais como non o hai noutros lugares de España. A isto seguirán máis medidas de apoio social e familiar, de apoio á educación pública e á sanidade pública ou de apoio ao emprendemento.

Isto demostra que a estabilidade non é a antítese do dinamismo, senón precisamente a súa garantía. Ninguén viaxaría con tranquilidade nun vehículo moi veloz pero pouco estable. O mesmo sucede coas sociedades. A Galicia de hoxe é un país dinámico, en transformación, en permanente renovación, debido a que fixo da estabilidade a súa prioridade. A firmeza dos nosos alicerces permítenos avanzar sen riscos e ver no pluralismo político e social non unha ameaza, senón unha oportunidade para agudizar aínda máis o entendemento.

Ese pluralismo ten a oportunidade de expresarse en cada cita electoral.

Á marxe dos resultados, os procesos demostran que a democracia constitucional funciona, que é ampla dabondo para dar cabida a todos, e que o entendemento, o acordo e o pacto son esixencias permanentes. Con independencia de cal fose a opción de cada un de vostedes nas eleccións, estou certo de que todos coincidimos en avogar polo establecemento de pontes que nos permitan seguir convivindo e avanzando a todos os españois.

Galicia é o bo camiño, grazas ao esforzo das xeracións presentes e ao legado das anteriores. Nas celebracións destes días, en moitos fogares galegos, reencóntranse membros da familia que xa teñen unha longa experiencia vital con outros que levan unha andaina máis breve, e outros que aínda se preparan para empezar a camiñar. Esa idea de continuidade xeracional tamén existe en países como o noso. A Galicia actual moldéase cos valores transmitidos polos nosos pais e avós. A Galicia futura farase coa herdanza que nós deixemos.

Galicia quere ser un bo lugar para vivir e tamén un bo lugar no que nacer. Estou nunha das escolas infantís de Galicia onde se define o futuro. Ás nenas e nenos que veñen aquí temos a obriga de deixarlles un país de convivencia. Galicia pode estar orgullosa do que foi, do que fai, do que é, do que sente, e ten que estalo tamén do país que entre todos preparamos para recibir a cada unha das galegas e galegos do mañá.

Unha das grandes satisfaccións derivadas do meu cargo se produce na visión que teñen de nós fóra de aquí. Galicia é unha referencia en España. Galicia é hoxe un territorio europeo valorado. Viaxeiros e investidores louvan o clima social que existe na nosa terra, a proximidade da xente, a formación dos seus profesionais, a riqueza da súa cultura. Ese logro conseguímolos ademais sen deixar de ser como somos. Non alteramos a nosa identidade para incorporarnos ao mundo, senón que fomos quen de completala con novas achegas.

Por iso teño que reiterar os meus parabéns a todos os que forman parte deste fogar, antigo e novo ao mesmo tempo. Son vostedes artífices dunha terra boa para vivir, boa para nacer, para coñecer, para traballar, para emprender e tamén para facer realidade os soños das nenas e nenos que ocupan estes pupitres. Galicia.

Bo Nadal, Feliz Ano 2016 e moitas grazas.